

DOROTHY CROWFOOT HODGKIN

Dorothy Crowfoot Hodgkin naceu en 1910 no Cairo, cando Exipto era unha colonia británica, mais desde pequena viviu en Londres. Ao rematar o Bacharelato, decidiu matricularse na universidade de Oxford para estudar Ciencias Químicas. Rematada a licenciatura, trasládase a Cambridge para facer a súa tese de doutoramento baixo a dirección de John Bernal, pioneiro no uso de raios X para o estudo de cristais biolóxicos.

En 1924 remata o seu doutoramento e volve á Universidade de Oxford, onde permanecerá o resto da súa vida. Aquí realizou un dos seus traballos máis extensos: descifrar a estrutura da insulina, unha molécula dunha arquitectura tan complicada que lle levou 34 anos revelala.

Ao longo de toda a súa carreira, Dorothy logrou desvelar a estrutura tridimensional de numerosas e importantes biomoléculas que os químicos orgánicos non puideran descifrar como o colesterol, a penicilina ou a vitamina B12.

En 1947, cando tiña 37 anos, Dorothy foi admitida na Real Sociedade de Londres, a asociación científica nacional de maior prestixio que nos seus case trescentos anos de historia só admitira a tres mulleres.

En 1964 recibiu o Premio Nobel de Química pola determinación da estrutura de moitas sustancias biolóxicas mediante os raios X.

Tras este galardón, continuou as súas investigacións ata que se retirou en 1977. A partir deste ano, e a pesar de desprazarse en cadeira de rodas como consecuencia da súa artrite, impartiu conferencias e participou en numerosos debates sobre ciencia e sobre outro dos temas que espertaban o seu interese: a paz mundial.

Dorothy morreu en Londres en 1994.

Iván Castro Novelle

1º Bacharelato A